



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE DEZAOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE

(ACTA NÚMERO 03)

Presidente:

D. Argelio Fernández Queipo

Sres. Deputados:

D. Álvaro Santos Ramos

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaeito de xaneiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúñense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos Conde, e os Sres. Deputados D. Lino Rodríguez Onega e D. Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA ONCE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día once de xaneiro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE A FONSGRADA-BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0408 “CÓRNEAS (LU-P-0401)-FREIXO- A LASTRA (LU-530)”, 5+195 AL 11+157 Y LU-P-1911 “MESÓN NOVO (LU-703)-O VENTORRILLO-CHAO DE VAGA (LU-P-4606)”, 4+355 AL 4+960 Y 10+500 AL 11+500.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“(…)

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firmes de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19)



Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: A FONSAGRADA-BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)-Freixo-A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)-O Ventorrillo-Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 y 10+500 al 11+500, redactado polo Enxeñeiro de camiños Don Héctor Diéguez Aranda.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitude de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Memoria xustificativa.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais para a execución da obra.

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).
- Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.
- Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei



39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello
- Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo número EX002OB-AF-PERF 17/19-AB coa finalidade de proceder á contratación da obra “FONSAGRADA-BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)-Freixo-A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)-O Ventorrillo-Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 y 10+500 al 11+500”. O proxecto técnico da obra está redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Héctor Diéguez Aranda.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría

civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adjudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adjudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo artigo 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adjudicación reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.



O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda e consonte ao establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 08/11/2018 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 349.875,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 31 de outubro de 2018, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será precisa a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, e que figura no apartado B do cadro resumo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.



Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: FONSAGRADA-BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)-Freixo-A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)-O Ventorrillo-Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 y 10+500 al 11+500, sometelo a información pública por espacio de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 349.875,00 €, dos cales 60.722,11 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENÉRICA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación dos servizos de axencia de medios para a difusión de publicidade institucional xenérica da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto dunha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares para a determinación da mellor oferta con base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de



adjudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orden HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP e segundo consta no informe do Gabinete de Comunicación que obra no expediente: “(...)Non procede a división en lotes da presente contratación por razóns de carácter organizativo e de aforro de custes. Por unha banda, dada a natureza das prestacións obxecto do contrato, para a coordinación das diferentes actuacións a realizar resulta imprescindible que a prestación se realice de xeito unitario por un mesmo licitador, xa que a división en lotes do obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución. Por outra, e como se apuntou nos parágrafos anteriores, a compra de grandes volumes de espazos en medios de comunicación online e offline por parte dun único licitador, outórgalle un maior poder de negociación, o que lle permite obter mellores prezos, coa consecuente redución de custes para a Administración contratante”.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 18 de xaneiro do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 920022602 (RC:22019/118), por un importe total de 120.395 €

Existe Informe do Gabinete de Comunicación, no que se recolle que coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no informe do Gabinete de Comunicación que forma parte do expediente.

O prazo de duración/execución do contrato estenderase ata o 31 de decembro do 2019, contado a partir da data na que se inicie a prestación dos servizos ou ata a data na que se esgote o orzamento máximo previsto para esta contratación.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º. Na presente contratación, o importe é inferior á dita cantidade, de modo que non procede este recurso especial.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do Artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, isto é, os recursos administrativos ordinarios, ou ben, consonte coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade cos procedementos e prazos fixados nesta lexislación

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.



O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de axencia de medios para a difusión de publicidade institucional xenérica da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 99.500 €, aos que haberá que engadir 20.895,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 120.395,00 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA RELATIVA Á AVALIACIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICO-ADMINISTRATIVO DO PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA: “LIFE16 NAT/ES/707-LIFE IN COMMON LAND-XESTIONANDO EN COMÚN A TERRA, UN MODELO SOSTIBLE DE CONSERVACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL NAS ZONAS ESPECIAIS DE CONSERVACIÓN”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 16 de xaneiro do 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións.

“Antecedentes

Acordo de desistencia do procedemento de adxudicación da contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND-Xestionando en común a terra un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación.

Informe do Servizo de medio ambiente sobre a necesidade administrativa a satisfacer.

Informe do Servizo de medio ambiente sobre a insuficiencia de medios.

Providencia de inicio do expediente de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria.

Informe do Servizo de medio ambiente sobre o desglose de custes.

Informe do Servizo de medio ambiente sobre a non división en lotes.



Prego de prescricións técnicas, elaborado polo Servizo de medio ambiente.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Informe da Secretaría Xeral.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de setembro do 2018, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto.

Anuncio de licitación publicado no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno) de data 01-10-2018.

Informe da Xefa da Unidade de Rexistro Xeral, no que se recollen as empresas que presentaron plicas.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29 de outubro do 2018 para a calificación da documentación administrativa (sobres A) presentada, e a apertura da documentación contida nos sobres “B” sobres relativos aos criterios de adjudicación non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (Sobres B).

Requirimento de emenda da documentación contida no Sobre B presentada pola empresa SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.

Documentación aportada pola empresa SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L. en resposta ao requirimento sinalado e dentro do prazo outorgado ao efecto.

Informe do Servizo de Medio Ambiente en relación aos criterios non avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas

Certificación dos acordos da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29 de novembro do 2018 para dar conta do Informe do Servizo de Medio Ambiente en relación aos criterios non avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, e a apertura da documentación contida nos sobres “C”, relativos aos criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo de data 26-12-2018, efectuando o trámite previsto no artigo 151.2 do TRLCSP.

Documentación aportada pola UTE 3 EDATA-KAIZEN no trámite anterior.

Lexislación aplicable

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

-Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público

-Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública

-Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

-Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)



- Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Restante normativa de xeral e concordante aplicación

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da

LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares para a determinación da mellor oferta con base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orden HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP e segundo informe do Servizo de medio ambiente que obra no expediente, polo feito de que dentro das diferentes accións que debe efectuar a Deputación de Lugo na execución do proxecto LIFE IN COMMON LAND LIFE 16 NAT/ES/707, concretamente dentro da acción “F. Funcionamento e seguimento xeral do proxecto”, “F.1. Coordinación, Xestión e Seguimento do proxecto”, correspóndelle á entidade provincial, como socio coordinador, realizar os trámites precisos para proceder á licitación e contratación dun servizo de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico administrativa da totalidade do proxecto. Pola propia natureza das prestacións a realizar dentro de esta contratación (asistencia técnica e coordinación do proxecto), a súa execución independente carrexaría disfuncións na execución e no desenvolvemento correcto do proxecto, dado que a necesidade que se pretende satisfacer con esta contratación é a de prestar apoio aos tres socios do proxecto no desenvolvemento das actuacións que cada un de eles se comprometeu a realizar no marco do mesmo, de tal xeito que o conxunto das accións do proxecto se realicen de forma coordinada e estruturada, cumprindo os prazos establecidos pola Unión Europea. Para acadar unha asistencia técnica e unha coordinación que sexa eficaz e ao mesmo tempo eficiente, é preciso que a súa prestación se realice de xeito unitario.



Considerando que o anuncio de licitación foi publicado no perfil do contratante da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público con data 1 de outubro do 2018.

Visto que de conformidade coa acta da mesa de contratación de data 29 de outubro do 2018, e tendo en conta que as dúas empresas concorrentes á licitación presentaron en tempo e forma as súas propostas, procedeuse apertura e exame da documentación administrativa presentada (sobres “A”), cos seguintes resultados:

As declaracións responsables e anexos presentados polas empresas UTE 3EDATA-KAIZEN e SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, axústanse en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, polo que a mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres B, cos seguintes resultados:

A documentación presentada pola UTE 3EDATA-KAIZEN, axústase en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas.

A empresa SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES presenta a oferta técnica en formato papel e en formato dixital, e non achega o modelo Anexo V (modelo de proposición técnica).

A cláusula 14 do PCAP, en relación ao contido do sobre B sinala textualmente:

“II. Sobre B: Subtitulado “Oferta Técnica (criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), que conterá as especificacións relativas aos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (Fase 1 da cláusula décimo segunda deste prego). A oferta técnica deberá presentarse conforme ao esixido na cláusula número 6 do prego de prescricións técnicas. Xunto coa oferta técnica incluírase no sobre B o Anexo V. Tanto a oferta técnica como o Anexo V deberán presentarse debidamente asinados.”

Pola súa banda, a cláusula 6 do PPT establece que O licitador deberá presentar a oferta técnica en formato dixital nun único ficheiro cunha versión en formato .pdf compatible co Adobe Acrobat Reader 7.0. A oferta do licitador deberá estar paxinada e conter un índice detallado. O formato dixital entregárase en soporte CD ou DVD.

Tralo exame da documentación presentada no Sobre B pola empresa SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, a Mesa comproba que a oferta técnica presentada en formato dixital non está asinada así como tampouco a presentada en formato papel, e que como se apuntou, non se inclúe en dito Sobre B o modelo Anexo V (modelo de proposición técnica). Considerando o anterior a Mesa acorda por unanimidade calificar os defectos atopados como emendables acordando admitir a proposta presentada pola empresa á licitación de referencia coa condición suspensiva da emenda de ditos defectos. Para a emenda do defecto atopado a mesa de contratación acorda aplicar con carácter supletorio o previsto para a emenda de erros detectados na documentación administrativa polo artigo 22.d do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público e co artigo 81 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas; e consecuentemente conceder, un prazo de 3 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento feito a tales efectos, para a emendado dos erros detectados, facendo constar expresamente no requirimento que se practique, que a achega da oferta técnica en formato dixital debidamente asinada, non poderá alterar o contido respecto da presentada dentro do Sobre B e que non estaba asinada dixitalmente.

Realizadas as comprobacións sinaladas, a Mesa de Contratación, aos efectos de que se emita o correspondente informe de valoración dos criterios non avaliábel automaticamente mediante fórmulas matemáticas, e, de conformidade co establecido na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas, acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento se remita ao Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo, as ofertas técnicas presentadas polos licitadores dentro dos Sobres B, unha vez que á empresa SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES emende os defectos detectados ou transcorra o prazo de 3 días hábiles outorgado ao efecto sen que se teña realizado emenda algunha por parte de dita mercantil.



Con data 29 de novembro do 2018 a Mesa de Contratación celebra unha nova sesión. Neste acto, pola Presidencia, infórmase aos asistentes en primeiro lugar, que na sesión celebrada pola Mesa na data do 29 de outubro do 2018, acordouse, requirir á empresa SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, para que emendase á documentación presentada no Sobre B (falta de Anexo V- modelo de proposición técnica-, e presentación da oferta técnica dixital sen asinar), coa condición suspensiva da emenda dos efectos emendados, facendo constar expresamente no requirimento que se practique, que a achega da oferta técnica en formato dixital debidamente asinada, non poderá alterar o contido respecto da presentada dentro do Sobre B e que non estaba asinada dixitalmente. Practicado dito requirimento, á empresa SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, como así consta no expediente, deu debido cumprimento ao mesmo dentro do prazo outorgado ao efecto, polo que a Mesa acorda admitir a proposta presentada por dita mercantil.

A continuación e antes de proceder á dación de conta do informe de valoración técnica emitido polo Servizo de Medio Ambiente en relación aos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, lémbrese aos asistentes que no presente procedemento, de acordo co previsto na cláusula 12 do PCAP, distínguense dúas fases no proceso de valoración das ofertas presentadas:

a) Fase 1, relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas- sobres “B”- (ata un máximo de 40 puntos), na que as empresas que non acaden a puntuación mínima de 20 puntos de acordo cos criterios que se establecen na cláusula 12 do PCAP, non continuarán no proceso de valoración.

b) Fase 2, relativa aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas-sobres “C”- (ata un máximo de 60 puntos), á que unicamente accederán, as empresas que acadaran a puntuación mínima esixida na Fase 1 (20 puntos).

Realizado este recordatorio, procédese a dar dáse conta do informe técnico avaliador do Xefe de Servizo de Medio Ambiente no que se recolle de forma pormenorizada as puntuacións outorgadas na Fase 1: criterios de adxudicación non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (sobres “B”), e a xustificación motivada das mesmas, informe que foi facilitado aos

membros da mesa por correo electrónico antes da celebración da sesión, e no que as puntuacións outorgadas se recollen nos seguintes cadros:

CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS LICITADOR	Fase 1. Apartado 1. Plan técnico de proxecto: Metodoloxía, organización do traballo, dos procesos e ferramentas empregadas para levar a cabo o apoio técnico, na realización das accións do proxecto recollidas no apartado 3.a do prego de prescricións técnicas que rexerán este contrato.	Fase 1. Apartado 2. (Enfoque da oferta técnica, calidade na proposta e adecuación ao establecido nas accións do proxecto.				
	(0-20 puntos)	Apoio administrativo (ver punto 3.b do prego de prescricións técnicas). (0-4,5 ptos.)	Seguimento do proxecto. (ver punto 3.c do prego de prescricións técnicas). (0-4,5 ptos.)	Reunións de xestión. (ver punto 3.d do prego de prescricións técnicas). (0-4,5 ptos.)	Visitas, auditorías e inspeccións externas (ver punto 3.e do prego de prescricións técnicas). (0-4,5 ptos.)	Traballos xerais de apoio aos socios (ver punto 3.f do prego de prescricións técnicas). (0-2 ptos)
SM. SERVICIOS MEDIOAMBIEN TALES S.L.	7,00	3,00	3,00	3,00	3,00	1,50
UTE 3 EDATA KAIZEN	20,00	3,00	4,50	3,00	4,50	2,00

Cadro de valoración final

LICITADOR	Apartado 1.1	Apartado 1.2	Puntuación total da fase 1. (apartado 1 + apartado 2)
SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.	7,00	13,50	7,00 + 13,50 = 20,50 ptos.
UTE 3 EDATA KAIZEN	20,00	17,00	13,00 + 17,00 = 37,00 ptos.

O informe do Xefe de Servizo de Medio Ambiente conclúe a súa valoración sinalando o seguinte:



“O resultado final da valoración, polo tanto, como se reflicte na anterior táboa, a oferta de SM. Servicios Medio Ambientales, acada 20,50 puntos. Mentres que a oferta da UTE 3edata – Kaizen, acada un total de (37,00 puntos)”

Xerado debate entre os membros da mesa en relación a determinados aspectos relatados no informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente, en concreto, no que respecta á valoración da oferta técnica da empresa SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L, que poden suxerir que dita empresa non cumpre con algunhas das determinacións dos pregos de prescricións técnicas e que polo tanto poderían constituír causa de exclusión da súa proposición por non cumprir os mínimos esixidos, e existindo en relación a esta cuestión, diferentes opinións sobre a procedencia da exclusión da oferta presentada pola mencionada empresa, sométese á decisión á votación da mesa, cos seguintes resultados:

a) D. Marcos Quiñoá Campos vota a favor da exclusión da oferta presentada pola empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.

b) D. Manuel Ángel Jove Losada, Dna. M^a. Esther Alvarez Martínez, D. José Antonio Castro Liz e Dna. Ángeles Lozano Lis, votan en contra da exclusión da oferta presentada pola empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.

Realizada a votación, a Mesa con 4 votos en contra e 1 a favor, acorda non excluír á oferta presentada pola empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L. En consecuencia, acorda tamén aceptar o contido do informe avaliador das propostas presentadas, facéndoo seu, e publicar no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) aloxado na plataforma de contratos do sector público, o texto íntegro do mesmo.

Acto seguido procédese á apertura do sobre C presentado polas empresas que superaron a 1ª fase do proceso de valoración (que neste caso son as dúas que concorreron á licitación), relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (Fase 2), cos seguintes resultados:

FASE 2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS					
(SOBRE C)					
LICITADOR	CRITERIO 1. EXPERIENCIA A PROXECTOS LIFE NATUREZA	CRITERIO 2. EXPERIENCIA REDE NATURA 2000	CRITERIO 3. FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA		CRITERIO 4. OFERTA ECONÓMICA
	Nº de proxectos LIFE Natureza	Nº de traballos de carácter científico-técnico Rede Natura 2000	Nº de traballadores	Nº de traballadores indefinidos	Oferta sen IVE
SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES	3	2	4	2	81.522,70 €
UTE KAIZEN EUREKA-3EDATA	4	3	4	4	97.723,00 €

Tras a apertura, realízase un breve receso para que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda en primeiro termo, a comprobar que ningunha das proposicións presenta valores anormais ou desproporcionadas en relación ao criterio prezo, e, en caso afirmativo, se realice á valoración total das ofertas presentadas mediante a aplicación dos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas a través da ferramenta informática Excel (folla de cálculo).

Compróbase en primeiro termo, antes de proceder ao cálculo dos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, que de conformidade co previsto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares, ningunha das proposicións presenta valores anormais ou desproporcionadas en relación ao criterio prezo (oferta económica). Realizada esta comprobación e non existindo proposicións con valores anormais ou desproporcionados procédese a aplicación das fórmulas obténdose os seguintes resultados:



FASE 2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE C)										
LICITADOR	CRITERIO 1. EXPERIENCIA PROXECTOS LIFE NATUREZA		CRITERIO 2. EXPERIENCIA REDE NATURA 2000		CRITERIO 3. FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA			CRITERIO 4. OFERTA ECONÓMICA		PUNTOS TOTAIS FASE 2 (SOBRE C)
	Nº de proxectos LIFE Natureza	Puntuación	Nº de traballos de carácter científico-técnico Rede Natura 2000	Puntuación	Nº de traballadores	Nº de traballadores indefinidos	Puntuación	Oferta sen IVE	Puntuación	
Sm Sistemas Medioambientales	3	9,00	2	6,00	4	2	1,00	81.522,70 €	40,00	56,00 puntos
Ute Kaizen Eureka-3edata	4	9,00	3	9,00	4	4	2,00	97.723,00 €	33,37	53,37 puntos

Da suma das puntuacións acadadas polos licitadores nos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas e os criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas obtéñense os seguintes resultados:

SUMATORIO DAS PUNTUACIÓNS ACADADAS NA FASE 1: CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE B) E NA FASE 2: CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE C)			
LICITADOR	NOTAS SOBRE "B"	NOTAS SOBRE "C"	NOTAS TOTAIS (SOBRE B+SOBRE C)
SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.	20,50 puntos	56,00 puntos	76,50 puntos
UTE 3 EDATA KAIZEN	37,00 puntos	53,37 puntos	90,37 puntos

A mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar o resultado da valoración total do proceso no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) ,aloxado na plataforma de contratos do sector público e elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	UTE 3 EDATA KAIZEN	90,37 puntos
2	SM. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L	76,50 puntos

Requirir á UTE 3 EDATA KAIZEN, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excma. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con data 29 de novembro do 2019, e, consecuentemente, con data 26 de decembro do 2018, resolveu requirir á UTE 3 EDATA KAIZEN, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 28 de decembro do 2018.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, tendo en conta que á UTE 3 EDATA KAIZEN, aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á contratación dos servizos de asistencia técnica relativa á avaliación e coordinación técnico-administrativa do proxecto cofinanciado pola Unión Europea: “LIFE16 NAT/ES/707- LIFE IN COMMON LAND- Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”, a favor da UTE 3 EDATA INGENIERÍA AMBIENTAL S.L.- KAIZEN-EUREKA S.L.



O prazo de duración/execución do contrato será de 36 meses. Este prazo empezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato. O contrato poderá prorrogarse de conformidade co disposto no artigo 29 da LCSP. A prórroga non poderá superar os 12 meses.

O contrato adjudícase por importe de 97.723,00 euros aos que se engadirán 20.521,83 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 118.244,83 euros, de acordo coa seguinte desagregación por anualidades:

Anualidade	Importe (IVE non engadido)	IVE (21%)	Importe (IVE engadido)
2019	29.859,75 €	6.270,55 €	36.130,30 €
2020	32.574,35 €	6.840,61 €	39.414,96 €
2021	32.574,35 €	6.840,61 €	39.414,96 €
2022	2.714,55 €	570,06 €	3.284,61 €
TOTAL	97.723,00 €	20.521,83 €	118.244,83 €

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2020,2021 e 2022 as cantidades anteriormente sinaladas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

Son condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), e , en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

a) Adscrición de medios persoais e materiais resultantes da adjudicación, e como mínimo os establecidos na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas como adscrición de medios persoais, en relación co previsto na cláusula número 7 do prego de prescricións técnicas. En concreto, terán a condición de mínimos os seguintes medios persoais:

- 1 Xefe do Equipo Técnico con dedicación parcial, con formación mínima de máster universitario ou equivalente. Estará ao fronte do proxecto e será o principal interlocutor cos responsables da Deputación de Lugo. Velará pola correcta execución do proxecto, realizando os axustes precisos para alcanzar os obxectivos do proxecto en tempo e forma, e garantirá a calidade das accións que se efectúen informando en cada momento a Deputación sobre o estado das mesmas mediante informes.

- 1 especialista ou persoa de apoio a dedicación parcial, con formación mínima de grado universitario ou equivalente. Ocuparase das tarefas de consultaría, análise, formación, e deberá contar con coñecementos na materia das accións que forman parte do proxecto, para o cumprimento das mesmas. Deberá ter experiencia en materia dos procedementos administrativos inherentes aos proxectos LIFE desta temática, que poida colaborar en materia de asesoramento neste particular ao socio principal e aos beneficiarios de ser necesarios, e concretamente tamén nos sistemas obxecto deste contrato (xestión electrónica de expedientes na plataforma LIFE, etc).

b) A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentarse coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato”.

A comprobación do exposto no apartado precedente corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento



c) Remitir ao Servizo de Medio Ambiente e ao responsable do contrato, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

Son condicións especiais de execución, a comprobación de pagos a subcontratistas ou subministradores (artigo 217 da LCSP). A estes efectos deberán remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e/ou subministradores que participen no contrato dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

2º.- Publicar no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno) e notificar aos licitadores, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbera interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PRÓRROGA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE BANCA, LA CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAJAS DE AHORROS, A UNIÓN NACIONAL DE COOPERATIVAS DEL CRÉDITO E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL RED.ES, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PAGO TELEMÁTICO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, DE DATA 15 DE XULLO DE 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor literal:

“En Xunta de Goberno desta Excm. Corporación, en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2010, adoptouse o acordo de aprobación da adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a prestación do servizo de pago telemático na Administración Pública.

A duración estimada determinada no acordo é dun ano prorrogable. O texto do convenio determina a súa entrada en vigor a partir do día 25 de xaneiro de 2009. Segundo o establecido no protocolo de adhesión o Convenio prorrogarase automaticamente polo mesmo período de tempo, salvo denuncia escrita do Convenio por unha das partes asinantes con tres meses de antelación á data de finalización do Convenio.

No Boletín Oficial do Estado nº 84, de 6 de abril de 2018, a Entidade Pública Empresarial Red.es do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou Resolución do 15 de marzo de 2018, pola que se aprobou unha Adenda ao devandito convenio, na que se indica que:

“(…)Tercero. Que no habiéndose producido la denuncia referida en el considerando anterior a la presente fecha, la duración del Convenio se ha prorrogado automáticamente y de forma tácita hasta el 25 de enero de 2019.

Cuarto. Que la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público (en adelante «LRJSP»), establece en su artículo 49.h).1.º que los Convenios suscritos por entidades del Sector público deben tener una duración determinada, que no podrá ser superior a cuatro años salvo que normativamente se prevea un plazo superior. Asimismo, dispone que las partes unánimemente podrán acordar su prórroga por un periodo de hasta cuatro años adicionales.

Quinto. Que la disposición adicional octava de la LRJSP, indica que «todos los Convenios vigentes suscritos por cualquier Administración Pública o cualquiera de sus organismos o entidades vinculados o dependientes deberán adaptarse a lo aquí previsto en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta Ley. No obstante, esta adaptación será automática, en lo que se refiere al plazo de vigencia del convenio, por aplicación directa de las reglas previstas en el artículo 49.h).1.º para los Convenios que no tuvieran determinado un plazo de vigencia o, existiendo,



tuvieran establecida una prórroga tácita por tiempo indefinido en el momento de la entrada en vigor de esta Ley. En estos casos el plazo de vigencia del convenio será de cuatro años a contar desde la entrada en vigor de la presente Ley (..)

De conformidad con lo anterior, las partes acuerdan:

Primero.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 49.h).1.º y en la disposición adicional octava de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, fijar como plazo de duración del Convenio hasta el de 2 de octubre de 2020, sin posibilidad de prórrogas adicionales (...).».

De acordo co estipulado no protocolo de adhesión, a Excma. Deputación Provincial de Lugo acepta todas as condicións e termos do Convenio, incluída a antedita adenda e, en particular, o abono da tarifa de aplicación prevista. No devandito protocolo se establece, así mesmo, que a facturación será semestral, emitindo Red.es factura o primeiro día de cada semestre con pagamento a 30 días. Ao non producirse denuncia por ningunha das partes asinantes o convenio prorrógase, polo tanto, dende o 25 de xaneiro de 2019 ao 2 de outubro de 2020.

Polo anteriormente exposto, e á vista dos oportunos informes dos Servizos desta entidade, proponse que pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo se adopte a seguinte resolución:

1º.- Prorrogar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a prestación do servizo de pago telemático na Administración Pública, ata o 2 de outubro de 2020.

2º.- Aprobar o custo derivado da mesma por importe de 6.730,02 € (5.562 €+ 1.168,02 € IVE)».

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES, NOS CENTROS DE ATENCIÓN DE POL E A FONSAGRADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento:

Antecedentes

Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de decembro de dous mil dezaioito adoptouse acordo sobre a aprobación do procedemento de contratación de prestacións a persoas maiores, nos centros de atención de Pol e A Fonsagrada.

No devandito expediente incorporase o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas.

Así mesmo, na cláusula primeira do PCAP se determina que as partes quedan sometidas expresamente ao establecido no presente prego, nos seus anexos e no prego de prescricións técnicas particulares, que revestirán carácter contractual. En caso de discrepancia entre o presente prego e o resto da documentación que reviste carácter contractual, prevalecerá este prego.

No prego administrativo, cláusula 4.1 recóllese o orzamento base de licitación, no que consta o seguinte paragrafo:

De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación débullase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no lote I, 30 persoas en



atención residencial (3 persoas con autonomía e 27 persoas dependentes) mais 20 persoas en atención diúrna e para o lote II, 48 persoas en atención residencial (9 persoas con autonomía e 39 persoas dependentes).

Cando debería figurar:

De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación débullase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no lote I, 36 usuarios en atención residencial (4 con autonomía e 32 con dependentes) e 18 en atención diúrna e para o lote II, 28 usuarios en atención residencial (4 con autonomía e 24 con dependentes) e 20 en atención diúrna.

Sen embargo no prego de prescricións técnicas cláusula 1.1. consta:

	Concello de Pol	Nº de prazas
Lote 1	Prestación de atención residencial	36
	Prestación de centro de día/atención diúrna	18
	Concello da Fonsagrada	Nº de prazas
Lote 2	Prestación de atención residencial	28
	Prestación de centro de día/atención diúrna	20

O resto de referencias do prego de cláusulas administrativas reitor desta licitación, se refiren aos número de prazas, obxecto desta corrección de erros, nos termos reflectidos no PPT cláusula 1.1; así a título de exemplo:

Na cláusula 1ª PCAP, aparecen definidos para os dous concellos de Pol e A Fonsagrada as prestacións de atención residencial e atención diúrna.

Na mesma cláusula 1.1, consta que os concellos de Pol e A Fonsagrada teñen aprobada ordenanzas fiscais para as dúas prestacións.

A cláusula 2.4 de codificación do contrato, recolle CPV de centro residencial e centro de días nos dous casos.

Os propios cálculos que figuran na cláusula 4.1, son referidos a usuarios de centro de día e residencial tanto para o Concello de Pol, como para o de A Fonsagrada.

Os cadros que figuran na cláusula 4.1 e na 4.3, dispoñen prezos unitarios nos dous casos para atención residencial e atención diúrna para ambos CAM.

A cláusula 4.3.c cando define o sistema específico para a concreción do prezo, en función de umbrais de ocupación: factores de corrección ao abeiro do previsto no Art. 102.6 LCSP, utiliza os datos reais, para calcular as cifras de porcentaxes:

No caso de Pol: residencial 36 prazas, atención diúrna 18. Residencia: 33 % (12), 66% (24). Centro de día: 25% (5), 75% (14).

No caso de A Fonsagrada residencial 28 prazas, atención diúrna 20. Residencia: 33 % (10), 66% (19). Centro de día: 25% (5), 75% (15).

O resultado da operación matemática sería imposible de conseguir, de utilizar os datos incorrectos recollidos por erro de transcripción na cláusula 4.1

Os prezos de licitación calculados, en función de unha ocupación tipo, so é posible chegar a eses números multiplicando os prezos unitarios polas prazas tanto residencial como diúrnas cos datos correctos de número de prazas. No caso do Lote 2, e moi claro, porque os datos que figuraban na cláusula 4.1. non dispoñía de centro de día, pero en todo o prego figuran referencias a que se licita esta prestación de centro de día para os dous lotes.

A cláusula 24ª recolle as modificacións de contrato, entre as que figura o centro de día, nos dous CAM.



Doutra banda, diversos documentos incorporados ao expediente e publicados na Plataforma de contratos do sector públicos, tales como a resolución de autorización do Centro de Día de Pol e inicio de actividade, resolución de autorización de residencia de Pol e inicio de actividade, proposta de aprobación convenio específico entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol, resolución de autorización da construción do Centro de Día de A Fonsagrada, resolución de autorización de construción da residencia de A Fonsagrada, proposta de aprobación convenio específico entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada, Todos eles contrastan que o número de prazas é o que figura correctamente na cláusula 1.1. do PPT.

Estes son algúns dos posibles exemplos e antecedentes patentes, polos que se pode afirmar de forma clara e rotunda que os datos que figuran na cláusula 4.1 paragrafo cuarto (De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación débullase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no lote I, 30 persoas en atención residencial (3 persoas con autonomía e 27 persoas dependentes) mais 20 persoas en atención diúrna e para o lote II, 48 persoas en atención residencial (9 persoas con autonomía e 39 persoas dependentes), eran erróneos, e diferentes dos utilizados para os cálculos desta licitación, dado que senón o resultado da licitación (prezo, cadros e valores) deberían ser moi diferentes.

Consideracións

En todo o expediente, e nos cálculos efectuados, para chegar o prezo de licitación os datos utilizados son os que figuran nos pregos técnicos, polo tanto, a vista da Resolución 245/2016 e 281/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, nas que se indica, dunha parte, e en canto á rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito, prevista no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (referencia esta que se pode entender feita na actualidade á Lei 39/2015 e normas complementarias), como a Xurisprudencia do TS acoutou con restritivo criterio o contorno da figura da rectificación de erros identificándoa con “aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipótese ou deducións”, ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara,

patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soas, sen que sexa preciso acudir a ulteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”.

Debe entenderse polo tanto que se trata dun mero erro ou equivocación elemental, dado que os cálculos e prezos de licitación derivan dos datos reais e non dos expostos na cláusula 4.1. que deriva do prego modelo utilizado, neste caso o que serviu de base para a licitación do mesmo tipo para os CAM de Ribadeo e Trabada . A evidencia resulta doutras cláusulas do propio PCAP e do propio PPT.

Estas resolucións sinalaban como posible solución, a utilización do cauce da rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos previsto, con carácter xeral, no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no artigo 75 do RGCAP (referencias estas que se poden entender feitas na actualidade á Lei 39/2015 e normas complementarias). Cabe citar, a estes efectos, os comentarios dispoñibles en <http://www.obcp.es>, no que analiza a oportunidade de sanear este tipo de erros.

Entendese este erro como material por ser un erro patente, non sometido a opcións, non calificador de aspectos xurídicos, nin ser cuestionable por tratarse de cuestións opinables ou que esixen unha valoración xurídica. Se trata dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro. Dedúcese do conxunto de datos e antecedentes incorporados ao expediente e fórmase por razóns de claridade e transparencia.

O procedemento de licitación se atopa nunha fase de tramitación inicial na que unicamente se procedeu á publicación dos anuncios e a data de hoxe non consta que haxa presentadas ofertas por ningún licitador (tal e como se pode comprobar na Plataforma de Contratos do Sector Público), en aras da economía procedimental e da celeridade, cómpre unha rectificación do prego de cláusulas administrativas coa correspondente publicación.

O erro detectado cumpre coas esixencias fixadas pola xurisprudencia en relación co artigo 109.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que co vixente artigo 105.2 da Lei 39/2015, do 1 de



outubro. Trátase de un erro material, produto da transcripción de datos no prego, operación material de teclear os datos, utilizando a técnica de copiar de plantillas ou modelos preexistentes.

Cabe invocar e aplicar o art. 122 da LCSP, cando indica que o PCAP, unha vez aprobado, poderá ser modificado con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético.

Incluso os datos fácticos detectados como erróneos, poderá entenderse que forma parte do contido propio dos PPT; así constan como número de praza na cláusula 1.1 do PPT, de acordo co previsto no artigo 124 da LCSP, en relación co artigo 68 do RD 1098/2001, polo que se aproba o RXLCAP, en tanto que referida ás condicións do centro residencial (capacidade e autorizacións sectoriais). Neste suposto incluso podería aplicarse a doutrina da Resolución 77/2015, do Tribunal de Recursos Contractuais de Madrid, que na relación entre PCAP e PPT, aplica un criterio de especialidade en función dos aspectos ou materias tratadas.

Non obstante por razóns de seguridade xurídica e transparencia parece oportuno, efectuar a rectificación e ampliar, prudencialmente o prazo de presentación de ofertas ao abeiro do artigo 136 da LCSP e tendo en conta tamén, supletoriamente “ex” disposición final 4ª da LCSP o previsto no artigo 32 da Lei 39/2015, sobre ampliación de prazos, neste caso de oficio, sen exceder da metade do prazo inicialmente previsto. Esta ampliación non perxudica a ningún terceiro, en tanto que ningunha oferta consta presentada (anexase pantallazo consulta)”.

Se trata dunha actuación plenamente garantista cos dereitos dos licitadores, que en ningún caso supón variación algunha nos aspectos económicos do contrato polo que á vista do exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte as seguintes resolucións:

1º.- Aprobar á rectificación do erro material (de transcripción) detectado na cláusula 4.1 prego administrativo de tal forma que quede redactado tal e como segue:

Onde di:

De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación débúllase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no lote I, 30 persoas en atención residencial (3 persoas con autonomía e 27 persoas dependentes) mais 20 persoas en atención diúrna e para o lote II, 48 persoas en atención residencial (9 persoas con autonomía e 39 persoas dependentes).

Debe dicir:

De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación débúllase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no lote I, 36 usuarios en atención residencial (4 con autonomía e 32 con dependentes) e 18 en atención diúrna e para o lote II, 28 usuarios en atención residencial (4 con autonomía e 24 con dependentes) e 20 en atención diúrna.

2º.- Dar publicidade á devandita rectificación cun novo anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público, coas demais publicacións procedentes, e ampliar o prazo para a presentación de proposicións ata o día 30 de xaneiro de 2019 as 14:00 horas, coa correlativa modificación das datas de apertura pública das ofertas.

3º.- Autorizar ao servizo de contratación e fomento para redactar un texto consolidado do prego de cláusulas administrativas particulares, incorporando a sinalada rectificación de erros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.



Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.